

ACORDO NA FAMILIA PARA O USO DO TELÉFONO MÓBIL DOS FILLOS E AS FILLAS

- Un teléfono é unha grande responsabilidade. Este agasallo facémoscho porque confiamos en ti.
- Pode ser que algún día revisemos xuntas o teu teléfono. Teremos que revisar algunha chamada e mensaxes, debemos comprobar que non es vítima nin partícipe de conversas que che poidan danar, tamén as aplicacións que instalas, a seguridade e vulnerabilidade do móbil
- Se o teu teléfono recibe unha chamada, aténdea. Responde de forma correcta. Atende sempre unha chamada que sexa de calquera de nós.
- O uso do teléfono, non debe interferir nos teus deberes ou nas túas necesarias horas de sono. Poderás usalo en calquera momento pero sempre xestionando axeitadamente os teus tempos. Non permitas que inflúa negativamente nas túas responsabilidades e compromisos.
- O móbil non está convidado a comer con nós na mesa, polo que non será ben recibido se está presente. Á hora de durmir, buscarémoslle un lugar fóra do teu cuarto, para que pase a noite e poida recargar a batería para o día seguinte. Ambos debeades descansar.
- É importante o seu "bo estado de saúde". Non instales nada que afecte á seguridade ou poida facelo perigoso. Un filtro parental fará esta función, e así terás protección de zonas ás que non debes acceder por seren perigosas. Xa sabes que é conveniente a descarga dun antivirus efectivo, manteno actualizado.
- Segue escrupulosamente as normas do instituto. Respecta o permitido e o que non estea autorizado. No teu tempo de lecer, relaciónate coas túas amizades persoalmente, comunícate conversando sen pantallas polo medio. Non te illes.
- Nunca uses o móbil para facer parvadas ou enganar a alguén. Non participes nas conversas que teñan como obxectivo ofender a outras persoas. Ti es un bo amigo, unha boa amiga.
- Non envías mensaxes, correos ou digas nada por medio do teléfono que non sexas capaz de dicir cara a cara, en voz alta ou coa presenza do teu pai, nai ou algún profesor ou profesora.
- Hai redes sociais como Tik Tok, Instagram, Twitter que teñen unha idade mínima legal de 14 anos para crear un perfil. Isto é debido a que calquera persoa descoñecida podería contactar contigo simulando amizade. Se te interesan estas plataformas, fala con nós e decidiremos que facer.
- Non envías, recibas nin almacenes imaxes íntimas (xa sabes de que estamos a falar...). Algún día sentirás esta tentación por moita intelixencia que teñas. É moi arriscado e pode prexudicar a túa adolescencia e o teu futuro. O ciberespazo é moi poderoso se compartes todo con el.
- Se tes algún problema, dúbidas ou sentes que alguén te acosa con mensaxes ou fotos, debes contárnolo inmediatamente. Nunca rifaremos contigo por este tema. Queremos atopar unha solución rápida e conxuntamente contigo. Non facelo, agravaría a situación.
- Evita as fotografías con información persoal xa que estarás compartindo información respecto dos teus hábitos, lugares que frecuentas, quen son as túas amizades, onde estudas... persoas con malas intencións poderían facernos moito dano a ti, ás túas amizades e a nós mesmos.
- Non vivas dependendo do teléfono móbil. Dámoscha porque é unha valiosa ferramenta e, amais de útil, pode ser imprescindible nalgunha ocasión. Úsao con sentido común.
- Seguramente nalgunha ocasión meterás "a pata". Conta coa retirada do teléfono. Vaste enfadar con nós e contigo... entón teremos que sentarnos a falar tranquilamente, revisar compromisos e tomar novas decisións de ser o caso. Estamos aprendendo, estamos xuntas. Lembra isto.

Lin detidamente este acordo respecto do uso, vantaxes e responsabilidades que significa ter un teléfono móbil e ao asinalo, asumo o meu compromiso de cumprir o exposto anteriormente.

Nome e sinatura do fillo/a

Nome e sinatura da nai/pai

Data:

